

OS COTOS



220 Folla
informativa para
a comunidade
cristiá

XUÑO
2024



O VENRES DÍA 28, ÁS 7,
NA IGREXA DE FORNELOS,
IMOS CELEBRAR O CABODANO
NA MEMORIA AGRADECIDA
POLO CAMIÑO COMPARTIDO

Andrés,

párroco d'Os Cotos

*« Combatín
unha loita brillante,
rematei a miña
carreira, gardei a fe.*

*O que me resta
é a coroa da xustiza
que me está
reservada.*

*E o Señor,
que é xuíz xusto,
hama entregar
aquele Día. »*

(2 Tim 4, 7-8a)



Por tanto, por todo,
Graciñas Andrés!

"As catro estacións"

Había un home que tiña catro fillos. Quería que aprenderan a non xulgar as cousas superficialmente; entón mandounos un por un a ver unha maceira que estaba a moita distancia.

O fillo maior foi no inverno, o segundo na primavera, o terceiro no verán e o máis pequeno no outono. Cando regresaron todos, chamounos e pediulles que describisen o que viran.

O máis vello dixo que a árbore tiña pólas espidas, que estaba dobrada e retorcida. O segundo dixo que non era así; contou que a maceira estaba cuberta de brotes verdes e chea de promesas. O terceiro fillo dixo que non estaba de acordo; dixo que a maceira estaba chea de flores e parecía moi bonita. O fillo máis novo tampouco estaba de acordo; e dixo que a maceira estaba chea de mazás e follas.


Entón o home explicoulles aos seus fillos que todos tiñan razón, pero que cada un só vira unha das estacións da vida da árbore.

Faloulles de que non deberían xulgar unha árbore, ou unha persoa, só vendo unha das súas estacións.

"Se renuncias ao inverno, perderás a promesa da primavera, a beleza do verán e a satisfacción do outono. Non deixes que a dor dunha tempada destrúa a alegría do resto. Non xulgues a vida nin por só unha tempada difícil nin po só unha fácil".



Cantos hai?



O SANTO PARA O MES, en xuño, o día 1: ÍÑIGO

Nome de orixe vasca "en-e-ko" que significa "lugar nunha pendente". Non ten nada que ver co nome de Ignacio.

Santo Íñigo de Oña naceu en Calatayud. Empezou o seu camiño relixioso no mosteiro de San Xoán da Peña (un fermoso mosteiro románico preto de Jaca, no que se agocha boa parte da historia dos reis de Aragón). Foi responsable do mosteiro de Oña (Burgos) durante máis de 35 anos. Faleceu no ano 1068.

CONSELLO



*"No sal debe haber algo
estrañamente sagrado:
está no mar
e nas nosas bagoas"*
Khalil Gibran
(1883-1931)

COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"



24 de xuño SAN XOÁN



Na noite do 23 ao 24 de xuño, en numerosos lugares de España celébrase a Noite de San Xoán.



A noite de san Xoán é en realidade a cristianización da celebración do solsticio de verán. A orixe desta coñecida celebración vincúlase a ritos de orixe pagán previos á implantación do cristianismo, onde fai miles de anos festexaban a chegada do solsticio de verán no hemisferio norte.

O rito principal consistía no culto ao sol e ao alongamento do día. Acendíanse unhas fogueiras co propósito de dar máis forza ao sol.

Na cultura celta os druídas celebraban a chegada do solsticio de verán acendendo fogueiras e buscando a bendición de terras, homes e gando. Os gregos acendían fogueiras purificadoras na honra de Apolo o deus do sol e da luz. Os Romanos facían á súa deusa Minerva unhas festas co lume como protagonista.



A festa cristián de San Xoán celébrase o 24 de xuño, coincidindo co nacemento de san Xoán Bautista, seis meses antes do nacemento de Xesús o 24 de decembro. Na biblia, cóntase que Zacarías, pai de Xoán Bautista, mandou acender unha fogueira para anunciar o nacemento do seu fillo.



O Papa Francisco: Xoán, o Bautista

“Imitate a Xoán Bautista para ser esa lámpada que brilla para os demais”.

“Persoas como o Bautista inspíranos a saír da mediocridade e a ser a súa vez modelos de boa vida para os demais”

“Xoán Bautista móstranos a Xesús, invítanos a seguilo, e dinos que isto require humildade, arrepentimento e conversión”

LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE XUÑO

DÍA 2	LECTURA	Heb 9, 11-15	Cristo dános vida cos súa VIDA
	EVANXEO	Mc 14, 12-26	Colleu pan e dixo “Isto é o meu corpo”
DÍA 9	LECTURA	2 Cor 4, 13 - 5, 1	Nós cremos, e por iso falamos
	EVANXEO	Mc 3, 20-35	É meu irmán o que cumpre a vontade de Deus
DÍA 16	LECTURA	2 Cor 5, 6-10	Anceiamos agradecerlle ao Señor
	EVANXEO	Mc 4, 26-34	Somos semente miúda, chea de vida
DÍA 23	LECTURA	2 Cor 5, 14-17	En Cristo somos realidade nova
	EVANXEO	Mc 4, 35-41	Porqué temedes, xentes de pouca fe?
DÍA 30	LECTURA	2 Cor 8, 7. 13-15	O camiño é a igualdade
	EVANXEO	Mc 5, 21-24. 35-43	Non temas, abonda con que teñas fe